

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

4. Administración do Parlamento de Galicia

Acordo de resolución do proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Por acordo da Mesa do Parlamento do Parlamento do 8 de xullo de 2019, anúnciase o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia e apróbanse as bases reguladoras do procedemento (DOG núm. 142, do 29 de xullo).

O tribunal cualificador na sesión do 30 de xullo de 2020 acordou propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización e aprobación do proceso selectivo e o ingreso de David González Alonso no corpo superior do Parlamento de Galicia como persoal funcionario de carreira.

De conformidade co establecido na base 7.1 da convocatoria, os aspirantes dispuxeron dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte á data de publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 655, do 7 de agosto de 2020.

Xa que logo, en cumprimento do artigo 7.2 das bases do antedito procedemento, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

- 1.º) Finalizar o procedemento selectivo para ingresar nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia e aprobar o seu resultado a favor de David González Alonso como persoal funcionario de carreira.
- 2.º) Notificarlle este acordo a David González Alonso quen, de conformidade coa base oitava da convocatoria, disporá dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para presentar, se é o caso, a documentación prevista na citada base.
- 3.º) Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para os efectos de darlle efectividade á execución do disposto no punto 2º) deste acordo.
- 4.º) Constituír unha listaxe de espera con Natalia Noya Corbelle, Ainhara Maite Orodea Piñeiro, David Martín Utrera Iglesias e Sergio Lueiro Busto, conforme o disposto na base décima da convocatoria, para cubrir necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino.



5.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Angel Santalices
Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel Santalices Vieira,
Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.09.02 11:09:22 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 02/09/2020 11:09:22

